



MANUAL DE
IDENTIDADE GRÁFICA

ELEMENTOS BÁSICOS DA IDENTIDADE

01. O nome



O nome da proba “Os 10.000 peregrinos” é a forma correcta de nomear a carreira. Disponse en tres alturas, separando cada unha das palabras, para deixar “10.000” nunha posición central e protagonista, xa que é o elemento principal diferenciador.

02. Os trazos



Os trazos, dispostos todos en tonalidade grisácea, trátanse de dúas liñas con borde redondeado, dobradas nun ángulo de 90° nos extremos superior esquerdo e inferior dereito, centradas a “10.000” e que delimitan a imaxe. Tamén conforman dispoñense dúas siluetas de atletas. No caso do masculino, utilizamos un gris máis claro coa fin de darlle profundidade á imaxe.

03. O “copy”



“Deputación da Coruña” tamén debe ser utilizado en todos os usos da imaxe, como principal entidade organizadora da proba.

COR E TIPOGRAFÍA

As cores corporativas son unha clara referencia as tonalidades utilizadas na imaxe da Deputación da Coruña, principal organizador do evento.

Tanto “Os” como “peregrinos” está escrito en “Aller Display Regular”, tipografía corporativa da Deputación.

Cor Principal



PANTONE 2757 C

C	100	R	00
M	81	G	31
Y	0	B	99
K	51		

Cor Secundaria



K 50%

C	0	R	112
M	0	G	111
Y	0	B	111
K	50		

Aller Display Regular



ALLER - Regular | **Bold** | Light

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZÁÉÍÓÚ abcdefghijklmnñopqrstuvwxyzáéíóú
1234567890.:;,-_!¿?=".\$%&/()@#+Ç{}<>

ÁREA DE RESPETO

Collendo como referencia un dos “0” que conforman o nome, marcamos o espazo que debe ser respetado, non sendo posible dispoñer ningún elemento dentro desta marxe.



USO EN POSITIVO

Será a versión a utilizar sempre e cando sexa posible e sobre fondos brancos ou moi claros.



USO EN NEGATIVO

Sempre que non sexa posible utilizar o logo na versión principal, deberase utilizar o uso negativo, o cal simplemente os trazos azuis pasan a branco.



USOS MONOCROMÁTICOS

Tamén é posible utilizar a imaxe a unha tinta, tanto negro, como azul corporativo ou branco, sempre e cando sexa estrictamente necesario.



USOS INCORRECTOS

Non se permite o uso da imaxe con algún tipo de alteración respecto ao uso principal, xa sexa o uso de cores non corporativas, deformacións, cambios de proporcións, de orientación, posición ou forma.

01. Supresión de elementos



02. Alteración de tonalidades



03. Deformación da imaxe principal



04. Modificación das proporcións



05. Modificación da posición



06. Cambios tipográficos



APLICACIÓNS BÁSICAS DIXITAIS

Empregarase a versión principal sempre e cando sexa posible, utilizando o uso negativo no caso en que sexa estrictamente preciso, colocando a imaxe en todas as cabeceiras, así como nos faldóns e na foto de perfil das redes sociais oficiais da proba.




01. Imaxes de perfil en RRSS



02. Imaxe de portada en Facebook e Twitter

Twitter (1500x500px)



Facebook (400x150px)




03. Plantillas de publicacións en RRSS

1080x1080px



1920x1080px



APLICACIÓNS BÁSICAS DE SINALIZACIÓN E ROTULACIÓN

Como evento deportivo, é importante a sinalización de puntos concretos para as horas que dure o evento na zona de saída/meta, así como indicacións durante o percorrido, o arco de meta e o podio de premiación.

Sinal “recollida de dorsais”



Sinal “punto de información”



Sinal desvío 10k



Sinal desvío “meta 5k”



Diseño arco ríxido



Diseño photocall e cornisa para podio



Simulación rotulación podio



APLICACIÓNS BÁSICAS DE OPCIÓN DE MERCHANDISING

Exemplos de camiseta e bolsa promocional como
posible regalo por completar a inscrición.



DORSAL OFICIAL DA PROBA

Cada corredor terá a obriga de portar o dorsal de xeito visible. A tipografía empregada para o número e o nome é “impact”.





MANUAL DE
IDENTIDADE GRÁFICA